

**Rosalía de Castro e a antropóloga feminista inglesa
Annette Meakin**

Catherine Davies

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

DAVIES, CATHERINE (2012 [2012]). “Rosalía de Castro e a antropóloga feminista inglesa Annette Meakin”. *Grial*, 194: 16-23. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2254>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

DAVIES, CATHERINE (2012). “Rosalía de Castro e a antropóloga feminista inglesa Annette Meakin”. *Grial*, 194: 16-23.

* Edición dispoñíbel desde o 23 de xullo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Rosalía de Castro e a antropóloga feminista inglesa Annette Meakin

CATHERINE DAVIES

A persoa e a obra de Rosalía de Castro suscitaron un enorme interese nos países anglofalantes, especialmente no Reino Unido e os Estados Unidos. Aínda que se publicaron obras críticas importantes escritas en inglés antes de 1980, a maioría dos estudos sobre Rosalía en inglés publicáronse hai uns trinta anos. A que se debe ese interese por unha poeta que, despois do seu pasamento, foi completamente esquecida en toda España menos en Galicia? A historia de como se rescatou o nome de Rosalía do esquecemento é ben coñecida. Os que custearon a publicación dos seus libros de poesía en vida e os que se xuntaron para custear un monumento e un mausoleo na súa memoria logo da súa morte en 1885 foron os emigrantes galegos en Cuba e Arxentina. En Galicia, Rosalía tiña amigos e seguidores, mais tamén inimigos. Puxérase a mal con moitas persoas da alta burguesía, con certos sectores da Igrexa e, paradoxalmente, cos nacionalistas galegos conservadores. Como se demostrou, a poesía de Rosalía de Castro representaba unha alternativa radical e popular á oca retórica política da Restauración.

Fóra do entusiasmo que se sentía pola persoa e a obra de Rosalía nalgúns círculos galegos e suramericanos, e entre os campesiños galegos, dentro do mundo público da cultura literaria española non se recoñeceron os seus méritos de autora ata as primeiras décadas do século XX, uns trinta anos despois da súa morte. Foron os escritores da chamada Xeración de 1898 os que prestaron atención á súa poesía, porque nela viron unhas resonancias nacionais e populares entrañables, unha poesía que consideraron sumamente sincera, arraigada na terra e na vida campesiña, unha poesía que non tiña nada que ver coa cultura caduca que, segundo a Xeración do 98, caracterizaba a España a finais do século XIX.

Azorín, Unamuno e Juan Ramón Jiménez informaron o público culto da obra case descoñecida da poeta galega. O interese de Unamuno remóntase a 1903, cando falou de Rosalía nunha conferencia que deu na Coruña. En 1912 Unamuno escribiu: “En 1884 apareció un tomo de poesías llenas de pasión: eran de una mujer gallega. No obtuvieron éxito: se le achacaron por decir algo no sé que defectos técnicos, mas la verdad era que allí se mostraba un alma al desnudo”¹. E aínda que Antonio Machado non a citaba directamente, escribiu a súa propia homenaxe no seu famoso poema “A orillas del Duero”, que ten resonancias con “En las orillas del Sar”. A paisaxe, o fondo sentir da natureza en diálogo co máis íntimo do ser, a sabedoría e a intrahistoria campesiña, e sobre todo unha ética profunda, trágica e épica. Iso é o que conmoveu os intelectuais daquel momento que tanto lamentaban o estado do seu país.


Rosalía comezaba a recobrar sona nos anos vinte do século XX en España. Desde aquela non faltou nas historias da literatura española. Tampouco falta nas historias da literatura galega, que empeza a súa traxectoria moderna grazas, precisamente, a ela. Aos poucos, a partir dos anos vinte, Rosalía convértese nunha figura canónica, recoñecida nos anais da literatura española. Este feito explica, ata certo punto, o interese demostrado polos primeiros críticos e académicos anglofalantes. Pero, que é o que atrae os estranxeiros á obra de Rosalía? É a personalidade da poeta, a súa historia supostamente trágica, a súa poesía triste e melancólica, a poética da saudade, a marxinalización desta muller que escribía nun recuncho rural afastada do mundo moderno? Hoxe en día segue sendo Rosalía unha figura que atrae o interese dos estudosos que examinan a súa obra tomando en conta as novas teorías literarias: a

semiótica, o estruturalismo, a crítica feminista, a deconstrución, o dialoxismo, o posmodernismo e o novo historicismo. Mantén o seu status de icona cultural, non só en Galicia e en España, senón tamén fóra. Por que?

Hai tres razóns. Primeiro, pola calidade da súa poesía, a súa capacidade de conmover o lector de hoxe. Segundo, polo feito de que a súa obra está imbricada intensamente na política do nacionalismo cultural, e o nacionalismo sempre foi e segue sendo un tema polémico en todo o mundo, sobre todo en Europa. Terceiro, e parece obvio, porque Rosalía de Castro foi muller. Era unha figura literaria canónica e, paradoxalmente, era muller. Iso explica ata certo punto o feito de que a maioría dos estudos sobre Rosalía en inglés son obras de mulleres: Kathleen Kulp, Shelley Stevens, Susan Kirkpatrick, Joanna Courteau, Marta LaFollette Miller, Geraldine Foster (todas norteamericanas) e mais eu (inglesa). Pero non só foi Rosalía muller-canónica, como o foi tamén Emilia Pardo Bazán. O insólito é que Rosalía foi muller —poeta marxinal, pobre, illada e sen influencias entre as elites literarias, escribindo na lingua dos campesiños— e aínda chegou a ser canónica. Iso é o interesante. Como o conseguiu? Ou, mellor dito, como llo conseguiron? Rosalía, como agora sabemos, non pasou a vida chorando a súa mala sorte. Foi unha muller forte, atrevida, e ás veces furiosa. Tiña unha conciencia política moi lúcida; sabía o que pasaba ao seu redor, e non aforraba palabras cando había que denunciá-lo. Quizais ao final non tivo máis remedio que resignarse, pero non sen antes deixar ben claro a súa postura e a súa opinión. Nunca se deixou seducir pola vida cómoda; a súa conciencia ética e crítica seguiu indómita ata o final. A súa poesía é profundamente persoal e tamén social. Por iso a admiramos.

Díxose moitas veces que nomear a Galicia é nomear a Rosalía, que a personalidade e a nación se identifican tanto que son sinónimos. Non debe sorprendere polo tanto que aqueles que queren coñecer mellor Galicia se interesen por Rosalía e viceversa. É cuestión de lugar, un lugar xeográfico-cultural que se identifica cunha personalidade literaria. Moitas nacións converten un poeta que sabe escribir cantos populares no seu bardo nacional, é parte do proceso histórico de construción da nación. En Escocia, por exemplo, o poeta nacional, cuxos cantares populares son tan parecidos aos de Rosalía, é Robbie Burns. Este paralelismo entre Rosalía e Burns foi salientado por Ventura Ruiz Aguilera nunha recensión de *Cantares gallegos* publicada en *El Museo Universal* en

Catherine Davies é catedrática de Estudos hispánicos e latinoamericanos e directora da Escola de Culturas, Linguas e Estudos Rexionais da Universidade de Nottingham. Publicou varios traballos sobre Rosalía de Castro, entre eles, *Rosalía de Castro no seu tempo* (Galaxia, 1987). O seu libro máis recente, en coautoría, é *Spanish American Independence: Gender, Politics Text* (Liverpool University Press, 2006).



1. Miguel de Unamuno. *Obras*, VII, pp. 815-16. Citado por D. Basdekis, "Unamuno y Rosalía", *Grial* 2 (1966). Véxase *Andanzas y visiones españolas*, 1922.

1864. En España asóciase a Machado cos romances de Castela, a García Lorca co cante *jondo* de Granada, a Alberti coas barcarolas de Cádiz, e a Rosalía cos cantares de Galicia. Os que viaxan a Galicia hoxe en día ven o nome de Rosalía de Castro e os títulos dos seus libros e poemas (*Follas novas*, “Airiños, airiños, aires”, etc.) en todas partes, nos nomes de rúas, teatros, bares, cafeterías ou centros culturais. Inevitablemente queren saber máis dela, lerán a súa poesía. Agora ben, no século XIX, durante a vida de Rosalía, non viñan moitos viaxeiros estranxeiros a Galicia, e menos ingleses, e o seu nome non foi tan recoñecido. Galicia era unha rexión remota e inaccesible. Os viaxeiros non tiñan boa opinión de Galicia. Un dos temas máis insistentes na obra de Rosalía é precisamente a súa crítica indignada desas representacións tan desfavorables do seu país. Véxase, por exemplo, o prólogo de *Cantares gallegos*.

Das poucas viaxeiras que visitaron Galicia, quero destacar aquí unha inglesa, Annette Meakin (1876-1959). Semella que foi a primeira viaxeira inglesa e a primeira anglofalante que se dedicou ao estudo serio de Galicia e a Rosalía de Castro. Meakin escribiu uns quince libros de temas diversos e era socia do Instituto Antropológico, o que explica o seu interese polas viaxes a lugares exóticos e polos costumes doutros países. Foi a súa curiosidade por Galicia e polo tema da muller a que a levou a descubrir e propagar a obra de Rosalía. Isto amósase en dous dos seus libros: o primeiro, *Woman in Transition* (*A muller na transición*), publicouse en Londres en 1907. O segundo ten o título curioso de *Galicia. A Suíza de España* (o que demostra que os lectores ingleses coñecían Suíza pero non Galicia) e publicouse en Londres en 1909.

Woman in Transition, libro de trescentas páxinas, trata da muller na transición cara á modernidade e está escrito desde unha óptica feminista moderna. Os capítulos dedícanse ás raparigas, o matrimonio, a maternidade, a viuvez, os clubs e sindicatos, a muller obreira e da media clase, o socialismo, o anarquismo, a psicoloxía da muller e a coeducación. Toda esta temática examínase a través das mulleres de diversos países: Alemaña, Francia, Turquía, Rusia, Finlandia e España. Hai varias observacións sobre España, algunhas negativas. Meakin describe as españolas da clase acomodada como mulleres aburridas, sen educación, pechadas nos seus fogares. As mozas desta clase, di, levan un atraso de cen anos con respecto ás raparigas inglesas. Por outra banda, España é o único país europeo, anota, onde as mulleres quedan cos seus propios apelidos logo de casar. Cita extensivamente o padre Feijoo, especialmente cando discute a cuestión de se a mente ten sexo: “Feijoo, que publicou o seu brillante estudo *En*

defensa de la mujer en Madrid en 1778 pensou que a idea do sexo da mente era un erro. Aristóteles, di Feijoo, observou que as persoas coa cabeza pequena eran capaces dos pensamentos máis profundos. Estou persuadido, engadía Feijoo, que antes de escribir así Aristoteles mediu coídadosamente a súa propia cabeza”².

O máis interesante deste libro é a sección titulada “Amazonas españolas”, un eloxio non das españolas senón das galegas. Meakin utiliza o exemplo da muller galega para demostrar a súa teoría feminista de que a forza física e mental da muller é igual á do home:

As mulleres de Galicia que, debido á emigración dos seus homes a Suramérica, se dedican á agricultura son tan virís nos seus movementos como os nosos empregados de banco ingleses son efeminados. Estas mulleres enérxicas, alegres e incansables, son extraordinarias polo desenvolvemento físico dos seus músculos, e sobre todo polos pesos enormes que levan con facilidade na cabeza. Adestrada desde a infancia, a galega pode levar na cabeza da fonte da cidade a un apartamento do terceiro piso uns setenta cubos de auga un tras outro nun día de verán sen sinal de fatiga. Vin unha galega andar pola rúa alegremente cunha mesa de mármore grande, de seis persoas, balanceada graciosamente na cabeza (p. 260).

Conta a anécdota de atopar a criada do hotel onde se aloxaba falando con outra criada á vez que sostíña sobre a cabeza o baúl forrado de metal dun hóspede recentemente chegado. Non é só a forza física. Como son os cerebros das galegas?, pregunta Meakin. Máis fortes e mellor desenvolvidos ca os dos homes. “A obreira galega”, escribe, “vale dúas veces máis ca o obreiro en todo tipo de traballo que fai. Vin a estas mulleres traballando nas fábricas e arando os campos. Son tan fortes coma os homes en todo, en corpo e mente”. Conta outra anécdota: cando os obreiros que estaban reparando os tellados dun edificio público en Santiago fixeron folga para gañar máis, os patróns intentaron contratar obreiros portugueses para substituílos. As mulleres dos galegos foron á estación de ferrocarril e tiraron pedras aos portugueses para que non baixasen. Os portugueses volveron a Portugal e aos galegos subíronlles o soldo: “Así son as galegas de determinadas” (p. 261). É sumamente importante que Meakin, antropóloga e feminista, tome como exemplo a muller galega para probar sen dúbida a igualdade da capacidade física e mental dos homes e as mulleres, e para refutar as teorías supostamente científicas do seu tempo, como de Moebius, a quen cita, sobre a inferioridade da muller. As galegas demostran todo o contrario; a superioridade

da muller, da muller galega, e polo tanto da muller española. Remata Meakin esa sección así: “Vexo un gran futuro para a muller española cando abandone o seu harén. Para a rexeneración de España, é á muller española a quen deberíamos mirar” (p. 292). España só podía rexenerarse se seguise o exemplo da muller galega.

O segundo libro, *Galicia. A Suíza de España*, de 370 páxinas e 105 fotos, conta a viaxe de Meakin a Galicia en 1907. É un compendio sobre Galicia con capítulos dedicados á xeografía, historia, arquitectura, as cidades máis grandes e a agricultura. Tamén inclúe un capítulo enteiro sobre Rosalía de Castro. Este debe ser o primeiro estudo serio dedicado á poeta publicado en inglés. Cousa curiosa, o libro está dedicado “a Vitoria Euxenia, a raíña de Galicia”²³. A neta da raíña Vitoria casara había pouco co rei de España, Afonso XIII. Vitoria Euxenia (1887-1969) era filla de Beatriz, a filla menor da raíña Vitoria, e casou con Afonso en maio 1906 na igrexa de San Jerónimo el Real de Madrid. O día da voda, ao pasar pola rúa Mayor, lanzouse unha bomba á carroza real. Os reis saíron ilesos do atentado, mais o acontecemento tivo un impacto mundial. Todo isto ocorreu un ano antes da viaxe de Meakin a Galicia. En 1909, cando saíu o libro, a raíña xa tiña dous fillos, Afonso e Xaime.

Aínda que *Galicia. A Suíza de España* o dedicou á raíña Vitoria Euxenia, e que Meakin o abriu coa observación correcta de que Galicia é o reino de España menos coñecido, engadindo: “Como o noso País de Gales, Galicia tivo os seus propios reis” (p. 1), non é probable que o seu interese por Galicia se debese a simpatías monárquicas. Meakin era unha viaxeira incansable. Viaxara por Rusia e Turquía. Publicara un libro sobre o ferrocarril transiberiano (*Ribbon of Iron [Cinta de ferrol]*) en 1901, outro titulado *In Russian Turkestan (No Turkesttan ruso)*, en 1903, e un terceiro *Russia: Travels and Studies (Rusia: viaxes e estudos)* en 1906, antes de visitar Galicia. Meakin aparece citada nun artigo titulado “In Search of Turkmen Carpets”, por Richard E. Wright, historiador de alfombras, publicado na *Oriental Rug Review*, que foi lido no congreso internacional “Das alfombras da Europa central”, en Leningrado (San Petersburgo) en 1988⁴. Reproduce este artigo unha foto de Meakin, pero non se lle ve porque aínda que está de pé no centro da foto está completamente envolta nunha grande alfombra turca. A autora publicou quince libros entre 1901 e 1932, dous dos cales, o xa citado *Woman in Transition* e *Hannah More* (unha biografía da famosa escritora abolicionista inglesa), 1911, demostran curiosidade polo papel social da muller. Tiña predilección polos lugares considerados exóticos e polo tema da muller: non debe sorprender, polo tanto, ese

libro sobre Galicia (lugar exótico naquel entón) e o capítulo sobre Rosalía.

Meakin rexeita as descrições negativas de Galicia de autores ingleses e franceses, comentarios como “que o seu clima é húmido e chuvioso, e os seus habitantes lerdos, obstinados e estúpidos” (p. 2). Estas opinións, escribe, non recoñecen a paisaxe espectacular, a marabillosa historia e a arquitectura única. Está moi ben informada sobre as causas da decadencia de Galicia: “Galicia perdeu a súa personalidade política e por isto se extinguiu a súa cultura. Mais nin a unificación nin a centralización teñen o poder de destruír as tradicións nacionais” (p. 3). Meakin interésase polos celtas e as súas discutidas orixes:

A cuestión de como e de onde chegaron os celtas a Galicia veu dar nun asunto moi polémico entre os estudantes da historia de Galicia, e un estranxeiro que seguiu estes debates non pode tratar o tema sen sentir que está pisando áreas movedizas [...] os escoceses e os irlandeses teñen tradicións segundo as cales as razas nativas de Escocia e Irlanda descendem das españolas (p. 9).

Conta que antes de viaxar a España conversara cunha criada irlandesa que lle contou que España era o país dos seus devanceiros, e que en Irlanda iso todo o mundo o sabía.

O libro ten un capítulo enteiro dedicado á lingua galega e outro dedicado á emigración. Meakin está a favor das linguas minoritarias e pregunta con emoción:

É necesario para a completa nacionalización de Francia que morra a lingua de Provenza? É indispensable para o benestar de Bélxica que desapareza a lingua flamenga? Debe a Gran Bretaña enviar os seus galeses á Patagonia cando lles escoita falar o idioma dos seus antepasados? Non, mil veces non. É covarde temer a unha lingua. Máis ben é a obrigaçión de todas as persoas civilizadas facer todo o posible para preservar un idioma que ten unha tradición literaria. Se destruímos a individualidade debilitamos a nacionalidade á vez (p. 189).

No capítulo dedicado á emigración, Meakin conta que tivo unha longa conversa co señor Vales Faílde (figura importante na crítica rosaliana) e con Anto-

2. Annette M. B. Meakin. *Woman in Transition*. Methuen: Londres, 1907, p. 24 (todas as traducións das citas son nosas).

3. Annette M. B. Meakin. *Galicia. The Switzerland of Spain*. Methuen: Londres, 1909. Tradución ao galego publicada en 1994 co título de *Galicia inédita*.

4. Richard Wright. “In Search of Turkmen Carpets”, *Oriental Rug Review*, vol. 9/5. www.rugreview.com/95wright.htm.

nio Cerviño, cóengo de Tui. Estes, di, lamentaban moito a emigración de Galicia. Seguramente Vales Faílde prestoulle un libro que publicara en Madrid en 1902, *La emigración gallega*. Observa Meakin que a paisaxe galega é “un espectáculo triste” e que “os campos son traballados por mulleres, as carretas son conducidas por mulleres, a semente está sementada por mulleres, todo, en fin, está feito por mulleres” (p. 173). Pregunta: ¿Pero onde están os homes? Foron buscar fortuna alén do Atlántico”. Isto, di, non é debido ao mítico desexo de viaxar dos celtas, senón a un exceso de impostos. Engade, se Galicia fose unha provincia do Xapón “pronto tería un bo colexio de agricultura... e habería bibliotecas públicas que prestarían libros a todos os que fosen capaces de ler” (p. 178). Meakin ten unha solución aos problemas económicos de Galicia: Inglaterra non debería importar carne dos Estados Unidos senón de Galicia. E pregunta indignada: “¿Por que os obreiros de Chicago preparan carne en conserva destinada ás mesas británicas, cando os obreiros ingleses andan polas rúas sen traballo e os gandeiros galegos teñen que emigrar a Suramérica para non morrer de fame?” (p. 180). Esta sección tan informativa sobre a emigración remata coa observación seguinte: “O señor Vales Faílde dime que atoparemos un estudo maxistral sobre as causas principais da emigración galega nun tomo de poesías publicado por Rosalía de Castro, titulado *Follas novas*”. É dicir, *Follas novas* (p. 179). líase naquel tempo como un documento de contido social. É importante recoñecer que o libro atraía a un lector como Meakin, unha muller-profesional/intelectual, ben educada e informada e con opinións políticas reformistas-feministas.

O capítulo sobre Rosalía segue ao da emigración. Son oito páxinas (182-89), poucas nun libro de máis de trescentas. Mais Rosalía é o único escritor que merece capítulo propio. Rosalía morreu en 1885, é dicir, uns vinte anos antes de chegar Meakin a Galicia, e o traslado dos restos da poeta a San Domingos, en Compostela, efectuouse en 1891. Rosalía era case contemporánea de Meakin, e de non morrer a unha idade temperá (48 anos) quizais puidese coñecerla en persoa. Unha e outra vez a viaxeira inglesa destaca como Rosalía se identificaba coas mulleres galegas e como loitaba en contra da emigración. Rosalía, “chorou polo ancián cuxos netos, na flor da mocidade, o deixaron; pola nova esposa que queda soa, polo bebé que nunca coñecerá o seu pai” (p. 182). Inclúe unha tradución ao inglés de tres estrofas do famoso poema “Este vaise e aquel vaise e todos se van” (“Pra A Habana” de *Follas novas*) (p. 182), unha tradución moi competente:

*Now this one goes, then that one,
And all, all will go;*

*Galicia is left without a man
Her fruitful fields to plough.
Her little ones are orphans,
Her valleys desolate;
Her mothers mourn their children gone,
Her fathers emigrate.
True hearts are worn with waiting
Through long and weary years;
Widow and wife together weep,
And none can dry their tears.*

Segundo Meakin, a poesía galega, como a rusa, é intraducible. Cando se verte en lingua estranxeira a música morre e “evapora a súa alma deixando máis nada que a casca das palabras” (p. 183). Para demostrar a súa opinión, Meakin reproduce no galego orixinal “Unha vez tiven un cravo/ cravado no corazón” e sitúao á beira da súa tradución ao inglés que, di, é literal. En realidade, a tradución é un poema moi logrado, semellante ao estilo da poeta inglesa Cristina Rossetti (contemporánea de Rosalía), e mesmo da estadounidense Emily Dickinson:

*A nail had once been driven
Into my very heart;
But whether of gold, or iron, or love?
I only remember its smart.*

*I only know the anguish
and the torment that it gave:
All day, all night, it made me weep,
like Mary at the grave.*

*‘My God,’ I cried, ‘give courage
That I may tear away
That cruel nail.’ My prayer was heard,
I tore it out that day.*

*But oh, who will believe me?
I did not know ‘twas pain;
I felt an aching, aching void,
And a longing to have it again!*

*What? Was I really yearning
For the anguish I had lost?
Good God! Who understands it -
Our spirit’s mortal crust! (p. 187).*

É curioso que Meakin dese detalles da publicación de *Cantares gallegos* e tamén dun libro titulado “As viúdas d’os vivos e as viúdas d’os mortos”, que non é un libro senón unha sección de *Follas novas*. Refírese a *Follas novas* como o libro rosaliano máis popular e como unha colección de poemas curtos. En realidade *Follas novas* inclúe poemas curtos e longos. Parece que Meakin non revisou o libro enteiro, e só os apartados.



Pazo da Matanza de Padrón, onde viviu os seus derradeiros días Rosalía de Castro. Hoxe é o museo da poeta

Quizais llos deu Vales Faílde. Por parte, *Follas novas* non era o libro máis popular de Rosalía, senón *Cantares gallegos*, que chegou a dúas edicións (1863, 1872), mentres que o primeiro só se publicou unha vez en vida de Rosalía. Tamén é interesante constatar que Meakin quixo comprar un exemplar en 1907 e non o logrou. “Xa non se atopa nin sequera en Madrid” (p. 183). Niso tería razón, porque a segunda edición non se publicou ata 1909, na primeira edición das obras completas de Rosalía (publicada en Madrid). Tampouco puido atopar Meakin, aínda estando en Galicia, unha edición de *Cantares gallegos* e tivo que consultar os dous libros de prestado.

Dá Meakin unha descrición moi pormenorizada do traslado dos restos de Rosalía de Padrón ao Panteón de Galegos Ilustres na igrexa de San Domingos de Bonaval, en Santiago de Compostela. Describe como a cidade enteira saíu ás rúas para ver pasar o féretro: profesionais, estudantes, profesores, banqueiros, empregados, e como os nenos desfilaban con candeas e coas bandeiras de Galicia e de Cuba. As tendas pecharon e, cando o séquito chegou á igrexa, os estudantes metérono a ombros. Meakin non viu o espectáculo que tivera lugar dezaseis anos antes, mais seguro que llo pintou así de claro Vales Faílde. Sabemos que foi el porque Meakin describe a escena case coas mesmas palabras utilizadas por este no libro *Rosalía de Castro*, publicado en Madrid en 1906.

Ao remate do capítulo sobre Rosalía, Meakin escribe:

Ata agora non houbo un poeta galego do século XIX nin do século XX que se aproximase a Rosalía de Castro pola súa individualidade. Clara e distinta, a súa personalidade poética destácase sobre todas as demais. Ela deu o primeiro pulo e outros seguen o seu camiño. Un movemento literario comezou en Galicia que quizais dea cabo na segunda idade de ouro de Galicia (p. 189).

Finaliza o libro rexeitando por completo a idea de que os galegos son brutos. Desde os tempos remotos, escribe, Galicia produciu máis escritores e poetas que calquera territorio da Península, e moitos dos intelectuais que dende Madrid gobernaban naquela altura España eran galegos. Menciona os arqueólogos Villaamil y Castro e López Ferreiro, e a escritora Emilia Pardo Bazán.

As súas palabras derradeiras, “Adeus Galicia”, constitúen todo un panexírico do país:

É unha terra onde os ferrocarrís chegaron antes ca as estradas; onde os trens chegaron antes ca os automóbiles; unha terra onde os campesiños están oprimidos polo mal goberno, a usura e a súa propia ignorancia; unha terra onde os monumentos gloriosos de arquitectura medieval derrúbanse ata a triste ruína, cando deben de estar protexidos como

Se feministas son mulleres como Sand e Giradin, é verdade que Rosalía non foi tan explicitamente radical nos seus escritos e na súa vida...

o máis precioso patrimonio da nación... Unha terra cunha vexetación espléndida que debe ser o xardín de Europa. É todo iso e máis. E, con todo, non só es ignorada polo mundo enteiro, tamén es esquecida ata en España. A túa propia península non sabe da túa existencia, aínda que a fornececes das súas tradicións máis sacras, a súa poesía, os seus trobadores e o seu santo patrón (p. 358).

Na magnífica bibliografía sobre Rosalía, publicada por Aurora López e Andrés Pociña, recóllese o seguinte dato: en setembro de 1920 celebrouse unha homenaxe a Manuel Murguía, que vivía aínda, no balneario de Mondariz⁵. Asistiu miss Meakin, catorce anos despois da súa primeira visita a Galicia. Leu unha tradución ao inglés duns fragmentos de *El caballero de las botas azules*, publicada en 1867. Esta sería a primeira (e posiblemente a única) tradución ao inglés da novela, da que Meakin parece que só traduciu unhas poucas páxinas, que, en outubro de 1920, se publicou no *Boletín da Real Academia Galega* (vol. XV, n. 137, pp. 216-17) co seguinte texto de presentación:

A notable escritora inglesa miss Meakin, que publicou no idioma do seu país obras reveladoras dun grande afecto por Galicia, leu unhas poucas cuartillas felicitándose de poder presenciar as festas literarias de Mondariz e anunciando que obtivera permiso do señor Murguía para traducir ao inglés a novela *El caballero de las botas azules*, da gloriosa Rosalía, que aínda que publicado [*sic*] hai cincuenta e tres anos, é ao seu xuízo tan moderna que parece escrita nos nosos días.

Non sabemos se Meakin traduciu a novela enteira; se o fixo, nunca se publicou.

É curioso que Meakin tirase os seus datos sobre Galicia e Rosalía de Javier Vales Faílde, capelán de honra de número da Real Capela, e Provisor e Vigairo Xeral do bispado da Corte, en Madrid, desde 1902 ata, polo menos, 1906 —data da edición do seu libro *Rosalía de Castro*, publicado pola Imprenta da Revista de Arquivos, en Madrid. O libro é unha conferencia que impartiu en maio de 1906 na Asociación de Conferencias para Señoras, unha asociación das aristócratas da Corte. O obxectivo desta asociación era “fomentar as conferencias, tan en boga noutros países e case descoñecidas en España” (p.

20). Xa interviñeran no ciclo de conferencias Alejandro Pidal, marqués de Vadillo; Menéndez Pidal, Francisco Silvela e o bispo de Salamanca. Era unha plataforma prestixiosa. Por que falou Vales Faílde sobre Rosalía? Segundo as súas palabras, porque se propuña “facervos coñecer a Rosalía de Castro para que, coñecéndoa, a amedes; amándoa, amedes tamén aquela fermosa terra, da que foi Rosalía o seu reiseñor máis canoro, e amando a Galicia, decidádesvos a visitala, curando así o absentismo que hoxe chora”. Fíxoo para promocionar o turismo das aristócratas a Galicia, quizais ao mesmo balneario de Mondariz. Unha vez máis maniféstase a identificación da poeta co lugar.

Moita da información que Meakin facilita provén do Vales Faílde: o feito de que as obras de Rosalía estivesen esgotadas aínda que os seus versos eran moi populares e coñecidos por todos en Galicia, o da emigración, o traslado dos seus restos a San Domingos, etc. É curioso, se non irónico, que Meakin tomase os seus datos de Vales Faílde porque, como xa se demostrou, Meakin foi unha muller independente, intrépida, unha muller realmente moderna, e o capelán Vales Faílde non era nada feminista, aínda que tampouco se poida considerar antifeminista. Semella claro que a súa conferencia foi parte dun programa organizado pola Igrexa católica a principios do século XX para responder ás crecentes reivindicacións políticas e civís das mulleres. Algo máis tarde, baixo o pontificado de Pío XI (1857-1939), pola mesma razón se fomentou a creación de Acción Católica. O propósito era controlar o incipiente movemento feminista e levalo por vías aceptables, non radicais, baixo a tutela da Igrexa católica. Por iso, nótase unha grave contradición na conferencia de Vales Faílde.

Por unha banda, a súa disertación celebra unha poeta, unha muller case esquecida fóra de Galicia. Non só iso: tamén gaba varias escritoras boas e famosas que proviñan de Galicia, como Sofía Casanova, que estaba entre o público aquela tarde, e le uns versos de Avellina Valladares, Filomena Dato e Muruais, Narcisa Pérez de Reoyo, Concepción Arenal, e menciona a Clara Cural, Fanny Garrido, Sara Lorenzano e Carmen Beceiro. Por outra banda, fíxoo para demostrar que a súa conferencia era algo máis ca “un cabaleiroso tributo rendido” ao sexo feminino, “no que non adoitan abundar os poetas” (p. 8).

De todos os xeitos, non deixa de ser un acto de solidariedade. Vales Faílde non é antifeminista, como el mesmo explica:

Hai unha enfermidade social, moi estendida hoxe, e que con permiso da Real Academia Española, poderíamos chamar *feministofobia*. Os que a padecen consideran a muller consagrada ás letras como masculinizada ou, cando menos, un ser neutro incapaz para as afeccións e a vida do fogar (p. 25).

Se entre o público, di, hai algúns feministófobos, que cren que Rosalía de Castro é como George Sand, por exemplo, “absorbida pola literatura, pensando, sentindo e ata vestindo coma un home, socialista ás veces, revolucionaria outras, inmoral case sempre e exercendo perniciosa influencia”, ou que Rosalía é como Mme. de Girardin, que esquecía “o verdadeiro rol que a muller vén desempeñar no mundo” (p. 25), é dicir, ser nai, el podía asegurarlles que este non é o caso. Rosalía non foi así. El non é feministófono mais tampouco Rosalía foi feminista, e polo tanto non hai nada que temer. Poderíamos preguntarnos que entendía Vales Faílde por “feminista”. Se feministas son mulleres como Sand e Girardin, é verdade que Rosalía non foi tan explicitamente radical nos seus escritos e na súa vida. Pero Vales Faílde non só se refire a George Sand. Para el son feministas outro grupo de mulleres tan perniciosas como Sand e Girardin, entre as cales se podía incluír a Annette Meakin. Descríbeas así:

[Rosalía non é] unha destas *marisabidillas* contemporáneas que soñan con que se lle faciliten á muller os medios de instruírse e exercitarse que ten o home, e como este, queren ser médicas, xurisperitas, filósofas e literatas, ter voto nos comicios, tomar parte na administración da cousa pública [...] cousas todas boas en si, se con elas non corren o inminente perigo de esquecer sacros e ineludibles deberes, dando a razón a aquela esaxerada frase de Alfonso Karr: “A muller que se dedica a escribir aumenta o número de libros e diminúe o de mulleres” (p. 26).

Explica Vales Faílde que está ben que a muller ensine o catecismo nas escolas os domingos, que visite os pobres, que axude os orfos e as prostitutas no Patronato Real para la Represión de la Trata de Blancas, que envíe diñeiro ás misións ou que poña flores nas igrexas; todo isto está moi ben, pero só despois de cumprir o seu deber de ser boa filla, esposa e nai (de coidar sen recompensa nin recoñecemento, con alegría, os pais anciáns, o marido e os fillos). Segundo el, así foi Rosalía: antes de boa poeta foi boa esposa, boa nai e, sobre todo, sen dúbida ningunha, boa católica. Así é

como intentaba apropiarse a Igrexa católica, o *status quo*, do nome e da obra de Rosalía. Enxalzala si, mais enxalzar unha imaxe falsa e edulcorada dunha Rosalía sufrida, santa e mártir. Afortunadamente, Meakin non recolleu nada diso no seu libro. Soubo seleccionar e omitir material que non houbese atraído moitos lectores ingleses nin moitos turistas a Galicia.

Despois do libro de Meakin hai que esperar ata 1922 para atopar un estudo serio de Rosalía escrito en inglés. Nese ano, o hispanista de Oxford Aubrey Fitzgerald Bell (1882-1950) publicou o libro *Portuguese Literature*, que inclúe un apéndice sobre o Rexurdimento galego, o cal, segundo Bell, foi iniciado por Rosalía. Dédicalle tres páxinas. A primeira tradución ao inglés de *En las orillas del Sar* data de 1937. É do hispanista S. Griswold Morley, da Universidade de California en Berkeley. Non foi ata 1939 cando se publicou en inglés o primeiro estudo literario dedicado a Rosalía: “Bécquer, Rubén Darío and Rosalía Castro”, recollido no *Bulletin of Spanish Studies* (vol. 16, pp. 63-83) de Liverpool. A autora deste ensaio de vinte páxinas foi unha profesora escocesa da universidade de Glasgow, Ivy McLelland, que morreu en 2006 con 98 anos. Logo hai que esperar a 1951. Nese ano, o inglés Gerald Brenan dedicou unhas fermosas páxinas a Rosalía no seu tamén fermoso libro *The Literature of the Spanish People* (Cambridge University Press), aínda que di que a maltratou o seu marido, Murguía (“que era un anano”). Segundo Brenan, se Rosalía escribise a súa poesía en castelán no canto de en galego, “sería recoñecida como a muller poeta máis importante dos tempos modernos” (p. 350). Non foi ata o ano 1968 que se publicou o primeiro libro enteiro escrito en inglés dedicado á obra de Rosalía. A autora foi a estadounidense Kathleen Kulp, profesora naquela altura da Universidade de Eastern Kentucky. Titúlase *Manner and Mood in Rosalía de Castro: A Study in Themes and Style* (José Porrúa Turranzas: Madrid). Por vez primeira analízanse rigorosamente os temas tratados por Rosalía na súa poesía (a realidade galega, a poesía, o amor, a natureza, o humor) e tamén o estilo (ritmo, rima, métrica, repetición, imaxes, símbolos, uso da cor). É un estudo formalista, sintomático dos métodos utilizados na academia estadounidense nos anos sesenta. O “love-affair” dos anglosaxóns coa obra de Rosalía comeza en serio a partir da obra de Kathleen Kulp, nos anos setenta. O demais é historia ■

5. Rosalía de Castro. *Documentación biográfica y bibliografía crítica*, vol. I. Fundación Pedro Barrié de la Maza: A Coruña, 1991, p. 549.